

Diputac		Diputación de A Coruña								
de A	Una	24 horas	A Coruña	Un	Fomenta	Hacer				
Coruña					Últ	Di	Bú	A	Sug	Bop

Boletín Nº 180. Lunes, 8 de agosto de 2005

- [IV. ADMINISTRACIÓN LOCAL](#) - [IV.2 MUNICIPAL](#) - [BOIRO](#)

ANUNCIO Pág. 9837 Reg. 9485-x.

[Anterior](#)

[Siguiente](#)

*Aprobación do regulamento de participación cidadá do Concello de Boiro*

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria realizada o día 14 de xullo de 2005, aprobou de xeito definitivo o Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Boiro. O que publica ós efectos da súa entrada en vigor, tal como preceptúan os artigos 49 e 70.2 da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 11/99, de 21 de Abril e pola Lei 57/2003, de 16 de decembro,

Boiro, 19 de xullo de 2005.

O alcalde-presidente. Asdo. Xosé Deira Triñanes.

**ANEXO:**

**REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE BOIRO**

**Preámbulo**

Ao abeiro das disposicións legais vixentes (artigos 4,1-a, e o capítulo IV do Título V da Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local) o Concello de Boiro pretende desenvolver unha normativa que regule a participación cidadá co recoñecemento expreso dos dereitos dos cidadáns e das entidades que os aglutinan, e nas que se organizan, especialmente as asociacións veciñais e as súas federacións, as entidades deportivas, culturais, sindicais, profesionais, empresariais, etc., que representan o elemento vertebrado dunha colectidade.

A democracia participativa, emanada da base da sociedade a través da iniciativa popular e das organizacións e entidades cidadás, debe ser o complemento e elemento arrequentador da democracia representativa. Participación e descentralización, e mais eficacia e transparencia na xestión, permítenlle a un concello aberto e democrático impulsar unha actuación ao

servicio dos intereses dos cidadáns que senten o deber cívico de cooperar coa institución municipal na mellora das súas condicións de vida e no progreso socio-económico da súa cidade.

Esta cooperación atopa o seu marco idóneo na descentralización e na información, motivadores do achegamento entre o cidadán e a Administración local, no intento dunha máis áxil resposta do Concello aos problemas cotiáns.

## **Disposicións xerais**

### **Artigo 1.**

O obxecto do presente regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, conforme a lexislación vixente.

### **Artigo 2.**

Os obxectivos que se pretenden conseguir co presente regulamento, e que teñen carácter de principios básicos, son os seguintes:

- Facilitar a máis ampla información sobre as actividades e a xestión municipal.
- Facilitar e promover a iniciativa e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, sen mingua das competencias legalmente atribuídas aos órganos establecidos pola Lei e facer efectivos os dereitos recollidos no artigo 18 da LRBRL.
- Crear os órganos e mecanismos que garanten as posibilidades de consultaren os veciños, conforme co establecido no artigo 70.3 da LRBRL.
- Fomentar o asociacionismo cidadán.
- Achegarlle a xestión municipal ao cidadán.
- Garantir a solidariedade e equilibrio entre a capital do Concello, o seu rural e as distintas parroquias.

## **TÍTULO I. DAS ENTIDADES CIDADÁS E DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS**

### **CAPÍTULO I. DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS (RMA)**

### **Artigo 3.**

O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxectivo permitirlle ao Concello coñecer o número e recoñecer as entidades existentes no seu territorio, facilitar as relacións entre estas e o Concello, coñecer os seus fins, representatividade e peso específico, e deste xeito fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, conforme os criterios de obxectividade, imparcialidade e igualdade.

#### **Artigo 4.**

Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas as entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen fin de lucro, que teñan por marco territorial de actuación o Concello de Boiro, que teñan nel a súa sede social, ca salvedade da Sociedade fillos de Boiro de Avellaneda (Arxentina), e como obxecto fundamental a defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos cidadáns. En especial as asociacións de veciños, de pais de alumnos, entidades culturais, deportivas, recreativas, xuvenís e estudiantís, medioambientais, profesionais, empresariais e sindicais, entre outras.

#### **Artigo 5.**

Para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos no artigo 72 da LRBRL e no presente regulamento, as asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, deberán estar inscritas no devandito rexistro municipal.

#### **Artigo 6.**

a) A solicitude de inscrición presentarse no Rexistro Xeral e tramitarase a través da Delegación de Participación Cidadá, que terá ao seu cargo o Rexistro Municipal de Asociacións. Os seus datos serán públicos.

b) As inscricións no Rexistro Municipal de Asociacións deberán realizalas as entidades interesadas, e terán que achegar os seguintes documentos:

- Estatutos da entidade conformes a Lei 1/2002 de Asociacións
- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
- Datos de identificación das persoas que ocupan cargos directivos.
- Enderezo social e cédula de identificación fiscal.
- Certificación do número de socios.

#### **Artigo 7.**

En 30 días desde a solicitude de inscrición, agás que este se interrompa por necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificaralle á Asociación o número de inscrición. A partir dese momento considerarase de alta para todos os efectos.

### **Artigo 8.**

O Concello comunicará dentro dos primeiros días de cada ano ás Asociacións inscritas a obriga de entregar no Concello dentro do primeiro trimestre de cada ano, certificación da composición da Xunta Directiva e número de socios. Asemade comunicarán no mesmo prazo calquera modificación dos estatutos se a houbera.

### **Artigo 9**

a) O incumprimento das obrigas contempladas nos devanditos artigos deste Regulamento, suporá a apertura do correspondente expediente, que poderá dar lugar á baixa da entidade ou asociación do Rexistro municipal, e mais á perda dos dereitos que se derivan da inscrición.

b) A falta de actividade de calquera asociación durante dous anos poderá dar lugar á baixa desta no Rexistro Municipal de Asociacións previo expediente ao efecto e trámite de audiencia á interesada.

### **Artigo 10.**

Poderán existir ademais rexistros específicos para entidades sectoriais, a cargo das delegacións da área que corresponda, e que se tramitarán a través destas.

As seccións das asociacións veciñais poderán incluírse de oficio nos rexistros sectoriais, e a baixa nestes non implicará a baixa no Rexistro Municipal de Asociacións.

O Concello elaborará dentro do mes de xaneiro de cada ano unha relación de axudas e subvencións do Concello concedidas a cada Asociación. Esta relación será enviada a tódalas Asociacións inscritas no RMA.

## **CAPÍTULO II. DAS ENTIDADES REXISTRADAS**

### **Artigo 11.**

As entidades que figuren no Rexistro Municipal de Asociacións, terán recoñecidos os seguintes dereitos:

\* Participaren na xestión municipal nos termos contemplados neste regulamento.

\* Presentar mocións ao Pleno da Corporación con propostas e iniciativas de interese para as áreas ou Parroquias do seu interese. Estas propostas deberán ter o maior grado de elaboración posible.

\* Acollérense aos dereitos de iniciativa, información ou a calquera outro dereito recoñecido pola Lei e establecido no presente regulamento.

\* Proporen os seus propios representantes para todos os órganos que este regulamento contempla para a participación cidadá. O Pleno da corporación ratificará estes representantes beneficiarios das axudas técnicas e económicas ou de calquera outro tipo que o Concello poida ofrecer para o desenvolvemento e potenciación das súas actividades.

Sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido a todos os veciños, as entidades a que se refire o artigo 5 teñen dereito a:

a. Recibir no seu enderezo social, previa solicitude ao efeto, as convocatorias e ordes do día dos órganos colexiados municipais.

b. Recibir as publicacións que edite o Concello, teñan estas carácter periódico ou non.

c. Asinar convenios de xestión de servizos, de formación ocupacional, dinamización socio cultural ou de calquera outra modalidade co fin xeral do benestar cidadán.

d. Acceso preferente ao uso dos medios públicos municipais, especialmente locais, instalacións e medios de comunicación. O uso dos medios públicos municipais deberá selle solicitar por escrito ao Concello coa antelación que establezan os servizos correspondentes. As Asociacións serán responsables do trato dado ás instalacións no seu uso.

## **Artigo 12.**

O orzamento municipal incluírá unha partida destinada especificamente ao fomento do asociacionismo. Nas bases de execución dos orzamentos explicaranse os criterios obxectivos de distribución de axudas ás entidades, que deberán xustificarse.

En todo caso, antes de calquera percepción de subvención requirirase que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, e xustificar no prazo previsto o uso das subvencións concedidas anteriormente.

## **CAPÍTULO III. DA DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA**

### **Artigo 13.**

O Concello colaborará na tramitación da declaración de utilidade pública das

entidades que o soliciten e que xunten os requirimentos establecidos na lexislación vixente.

#### CAPÍTULO IV. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL A FAVOR DAS ENTIDADES CIDADÁS

##### **Artigo 14.**

O Concello poderá recoñecer as entidades cidadás inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións , como Entidades de Utilidade Pública Municipal, sempre que a súa actividade sexa de interese xeral e complementaria da propia actividade municipal, na medida en que o permite a lexislación aplicable, cos alcances previstos nesa lexislación, e se levan a cabo unha acción continuada.

##### **Artigo 15.**

A proposta de recoñecemento de utilidade pública municipal poderá facela a Asociación interesada, calquera outra Asociación do RMA, calquera grupo político presente na Corporación ou o Goberno do Concello de Boiro. Cando a proposta non sexa da propia Asociación interesada, debese contar ca autorización ou consentimento dela.

##### **Artigo 16.**

A instancia ou petición de declaración de utilidade pública municipal iniciarase con petición razoada ao Ilmo. Alcalde xuntando a seguinte documentación:

- Exposición de motivos en que basea a petición.
- Copia da acta da asemblea onde se acorda solicitar e ou autorizar a declaración de utilidade pública.
- Informe do Rexistro Municipal de Asociacións, cos datos actualizados da entidade solicitante.
- Memoria das actividades realizadas desde os dous últimos anos, anteriores á solicitude, debidamente xustificadas ou documentadas.

##### **Artigo 17.**

Ao que se reúna a documentación e logo do dictame da Comisión Informativa de Organización e Participación, e da deliberación das áreas implicadas, levarase a oportuna proposta ao Pleno da corporación.

##### **Artigo 18.**

Os criterios fundamentais de valoración para declarar de utilidade pública municipal unha asociación serán os seguintes:

- a. Interese xeral da entidade no ámbito do termino municipal de Boiro.
- b. Obxecto social da entidade e actividades realizadas a prol do concello.
- c. Ámbito de poboación afectado polas actividades da entidade e grao de participación dos cidadáns nelas.

### **Artigo 19.**

Ao que acorde o Pleno do Concello a declaración de utilidade pública, inscribírase no Rexistro Municipal de Asociacións, e farase pública nos boletíns oficiais, taboleiros de anuncios e medios de comunicación.

### **Artigo 20.**

Ao que unha entidade sexa declarada de utilidade pública municipal, terá os seguintes dereitos:

- a. Usar este título en todos os documentos a seguir do nome da entidade.
- b. Poder acceder ás axudas económicas establecidas, e ao uso dos medios locais e medios de comunicación para o desenvolvemento das súas actividades.
- c. Aproveitar os beneficios fiscais que a lexislación vixente aplica a este tipo de entidades, conforme co Título Primeiro da Lei Xeral Tributaria, e que figuren nas ordenanzas municipais.

### **Artigo 21.**

As entidades cidadás declaradas de utilidade pública municipal deberán presentar no primeiro trimestre de cada ano unha memoria das actividades realizadas no último ano, así coma o programa de actividades para o ano en curso.

Deberán tamén emitir os informes de asuntos da súa competencia cando llos solicite o Concello.

### **Artigo 22.**

A declaración de utilidade pública municipal poderá ser anulada polo Pleno do concello cando o incumprimento dos deberes, o mal uso dos dereitos adquiridos ou a carencia de actividades así o aconsellen.

## **TÍTULO II. DA INFORMACIÓN MUNICIPAL**

### **CAPÍTULO I. DA INFORMACIÓN EN XERAL**

#### **Artigo 23.**

a) O Concello informará os veciños da súa xestión a través dos medios de comunicación social e municipal, e mediante a edición de publicacións, bandos, taboleiros e paneis informativos, a celebración de actos informativos e a través doutros medios que se consideren necesarios. Así mesmo recolleranse opinións dos veciños e entidades a través de campañas de información, debates, asembleas, xuntanzas, consultas, enquisas e sondaxes de opinión.

b) Os cidadás do Concello de Boiro e mailas Asociacións inscritas no RMA teñen o Dereito a participar na elaboración do boletín de información municipal que se edite.

### **CAPÍTULO II.- DA OFICINA DE INFORMACIÓN MUNICIPAL**

#### **Artigo 24.**

Nas dependencias do Concello funcionará unha Oficina de Información Municipal e Asesoramento ás Asociacións sen ánimo de lucro, co horario máis amplo posible, e mais tamén un rexistro coa finalidade de:

a. Recoller as instancias, iniciativas, queixas e reclamacións que presenten os veciños ou as entidades e Asociacións cidadás.

b. Contestar aos escritos dos cidadás e Asociacións coas respostas que lles den os departamentos ou funcionarios afectados.

c. Recadar dos distintos departamentos municipais o estado de tramitación administrativa pola que decorre cada expediente, a petición do interesado.

d. Facilitar información relativa ao funcionamento do Concello, dirixindo aos veciños aos departamentos solicitados .

e. Informar dos dereitos que lle asisten aos cidadás en relación cos servicios e funcionamento do Concello.

f. Enviar ás Asociacións as convocatorias dos Plenos e as actas das Comisións de Goberno e dos Plenos que as Asociacións soliciten.

g. Recoller e trasladar a cada departamento ou servicio os avisos e chamadas de averías que se reciban no teléfono do cidadá creado ao efecto

h. Asesorar e facilitar información sobre lexislación e normativa sobre ás



Asociacións no ámbito legal e de fiscalidade.

i. Informar aos cidadás doutras administracións competentes na consulta ou solicitude do veciño cando éstas excedan do ámbito competencial do Concello

### **Artigo 25.**

A obtención de copias e certificacións acreditativas de acordos municipais ou dos seus antecedentes solicitarase por escrito no Rexistro. A Oficina de Información municipal realizará as xestións que cumpran para que o solicitante obteña resposta á súa solicitude no prazo máis breve posible e sen que isto supoña entorpecemento dos traballos dos demais servicios municipais.

As solicitudes que dirixan os veciños ou as entidades a calquera órgano do Concello en demanda de aclaracións ou actuacións municipais, cursaranse necesariamente por escrito a través do Rexistro.

### **Artigo 26.**

Os cidadás terán dereito ao acceso á documentación dos arquivos e rexistros municipais . A petición deberá facerse de forma razoada e por escrito. A autorización darase no prazo máximo dun mes e cunha antelación de alomenos dous días da data de acceso.

A negativa ao acceso a arquivos e rexistros só poderá ser xustificada por razóns legais ou temporalmente por causa de forza maior.

### **Artigo 27.**

Serán obxecto de especial tratamento informativo e divulgativo os grandes temas municipais, así como os que afecten o común dos cidadáns en materias orzamentaria, fiscal, urbanística e social. No mesmo sentido serán obxecto de divulgación específica no seu ámbito de aplicación aquelas actuacións ou plans municipais que afecten a maior parte dos cidadáns.

## **TÍTULO III. DA INICIATIVA CIDADÁ**

### **Artigo 28.**

Mediante a Iniciativa Cidadá, os veciños poderán formular propostas e iniciativas para debate no Pleno da Corporación. As propostas que se presenten por iniciativa cidadá deberán ter o suficiente grao de elaboración para que o Pleno poida tomar acordos concretos para a súa execución.

### **Artigo 29.**

A iniciativa Cidadá deberá estar avalada pola sinatura do 15% do censo

electoral do Concello de Boiro ,presentarase por escrito dirixido ao Alcalde quen obrigatoriamente debe incluír a proposta da iniciativa na orde do día do Pleno máis próximo. Na iniciativa indícarase o nome e apelidos da persoa que intervirá no pleno.

### **Artigo 30.**

Informaráselles aos solicitantes do trámite que seguirá a proposta. En todos os casos, a resolución comunicaráselles aos interesados.

### **Artigo 31.**

En caso de carecer de orzamento, deberán incluírse na seguinte transferencia de crédito as partidas necesarias para a realización das propostas aprobadas ou nos orzamentos do ano vindeiro.

## **TÍTULO IV. DA CONSULTA CIDADÁ**

### **Artigo 32.**

O Concello, conforme o artigo 71 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Regulamentadora das Bases de Réxime Local, poderá someter a consulta popular os asuntos de competencia municipal e de carácter local que sexan especialmente relevantes para os intereses dos veciños, agás os relativos á Facenda local.

### **Artigo 33.**

A consulta cidadá sempre contemplará o dereito de todos os cidadáns e as cidadás censadas a seren consultados e a que a consulta exprese as posibles solucións alternativas coa máxima información posible, escrita e gráfica.

### **Artigo 34.**

1. Correspóndelle ao Concello realizar os trámites pertinentes para celebrar a consulta cidadá sobre materias da súa competencia.
2. Tamén se poderá celebrar consulta cidadá a petición colectiva, asinada por un mínimo do 15% do censo electoral do Concello de Boiro non inferior ao 5% do censo municipal.

Todo o que non prevé este artigo regularase conforme o disposto na lexislación estatal ou da Comunidade Autónoma, especialmente a Lei Orgánica 2/1980 de 18 de xaneiro, regulamentadora das diferentes modalidades de referendo.

## **TÍTULO V. DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS**

## CAPÍTULO I. DOS CRITERIOS DE PARTICIPACIÓN

### **Artigo 35.**

Os Presidentes da Comisión de Goberno e das Comisións Informativas, se o considera oportuno, poderán convocar ás súas sesións, os representantes das entidades cidadás para a defensa dos intereses xerais ou dos veciños.

### **Artigo 36.**

Calquera entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións ten o dereito a intervir no pleno da Corporación mediante un representante cando se traten asuntos do seu interese solicitando a intervención mediante escrito dirixido ao Alcalde cunha antelación mínima de 24 horas e este está obrigado a conceder a intervención solicitada, comunicándoo con 8 horas como mínimo de antelación.

A orde de prioridade para a intervención no Pleno entendendo ao interese do asunto a tratar será: 1º Consellos de Sector ou Consellos Parroquiais, 2º Asociacións

No escrito de solicitude, a Entidade indicará o nome e cargo da persoa que falará no Pleno.

So poderán intervir dúas entidades no mesmo punto da orde do día. Se houbera máis solicitantes, o Alcalde concederá o uso da palabra as dúas Asociacións que teñan máis relación co punto a debater.

### **Artigo 37.**

A persoa designada pola Asociación para intervir no Pleno abrirá o turno de palabra no punto que interveña e ao igual que os membros da corporación ten dereito ao segundo turno de palabra co que pechará o debate inmediatamente antes do turno do Goberno.

### **Artigo.38**

Ademais do dereito de petición, calquera cidadá ten o dereito de intervir no apartado de rogos e preguntas dos plenos da Corporación, facendo o seu rogo ou pregunta, para o cal anotaranse nunha lista ao efecto ata antes do pleno. Se quixera resposta por escrito deberá formular a súa pregunta tamén por escrito con 24 horas de antelación ao Pleno.

## CAPÍTULO II. DAS PROPOSTAS E MOCIÓNS AO PLENO DA CORPORACIÓN

### **Artigo. 39**

Poderán facer propostas e presentar mocións para debate no Pleno da

Corporación:

- a) As Asociacións inscritas no RMA
- b) Os Consellos Municipais de Sector
- c) Os Consellos Parroquiais
- d) Por Iniciativa Cidadá

Cando unha proposta ou moción sexa rexeitada polo Pleno, non se poderá presentar outra sobre o mesmo tema nun prazo dun ano, agás que se complemente con novos datos relevantes.

### CAPÍTULO III. DOS ÓRGANOS ESPECÍFICOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

#### **Artigo 40.-**

Os órganos específicos de participación cidadá serán os Consellos municipais de área ou sectoriais e os Consellos Parroquiais que teñen por obxecto canalizar a participación das entidades cidadás na vida municipal.

#### **Sección I. Dos consellos municipais de sector.**

#### **Artigo 41.**

Os Consellos municipais de área ou sector son órganos de participación, información, seguimento e proposta á xestión municipal, referida aos distintos sectores da sociedade e asociacionismo do Concello de Boiro.

#### **Artigo 42.**

Os Consellos municipais de área ou sector crearanse por acordo plenario da corporación a proposta das Asociacións, un por cada área da sociedade ou sector do Asociacionismo do Concello. Como mínimo, nestas:

Consello Municipal de Asociacións Veciñais

Consello Municipal de Cultura

Consello Municipal da Mocidade

Consello Municipal de Deportes

Consello Municipal Escolar

Consello Municipal de Asuntos Sociais

Consello Municipal de Asociacións de carácter económico

Consello Municipal de Medio Ambiente

### **Artigo 43.**

Ademais dos consellos referidos no devandito artigo poderanse constituír outros que se consideren oportunos, a proposta da Concellaría de Participación Cidadá

### **Artigo 44.**

Os Consellos de Sector e Consellos Parroquiais teñen dereito a intervir nos Plenos da Corporación nos térmonos dos artigos 36 e 37 do presente regulamento ,para defender as propostas que presenten .

### **Artigo 45.**

Os Consellos Municipais Sectoriais están integrados por un representante de cada Asociación e Entidades do sector inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e un representante do Concello de Boiro.

A Xunta de Goberno dos Consellos Municipais de Sector estará composta por un representante do Concello de Boiro e entre 4 e 8 membros representando as entidades do sector e elixidos polo Pleno do Consello de Sector que tamen elixirá ao Presidente da Xunta de Goberno.

### **Artigo 46**

O pleno do Consello Sectorial (tódalas asociacións) xuntarase alomenos unha vez cada seis meses.

Tanto os acordos do Pleno do Consello como os acordo da Xunta de Goberno serán tomados pola maioría dos membros destes órganos, en caso de empate decidirá o voto do representante do Concello de Boiro.

### **Artigo 47.**

Ademais do disposto na lexislación sectorial aplicable, serán sempre facultade dos Consellos

municipais de área ou sector:

a Presentarlle iniciativas, propostas ou suxestións ao Concello para que se debatan nos Órganos de Goberno Local.

b. Colaborar nos estudos e na elaboración de programas e proxectos, e facer un seguimento dos órganos municipais e empresas fornecedoras de servizos dentro da súa área de actuación.

c. Discutir o programa anual de actuación e estudar o orzamento para o sector facendo propostas de reparto de subvencións

d. Ser informados dos dictames aprobados polas comisións informativas e dos acordos que adopten Comisión de Goberno, alcaldía e Pleno, en relación a aqueles temas de interese para eles; facilitaráselles ademais o acceso aos expedientes correspondentes.

e. Ser consultados en caso de os órganos municipais debateren e aprobaren asuntos de especial incidencia no sector de que se trate.

### **Artigo 48**

A Asemblea Sectorial xuntarase alomenos unha vez cada ano. A Asemblea terá carácter informativo e consultivo non vinculante, estará presidida polo presidente do Concello Sectorial

### **Artigo 49**

Os Consellos Municipais de área ou sector rexeranse conforme ao presente regulamento, outras normas que aprrobe o Pleno da Corporación e demais lexislación aplicable.

## **Sección II.- Dos Consellos Parroquiais**

### **Artigo 50.**

Os Consellos Parroquiais son órganos desconcentrados de xestión, vías de participación e expresión dos intereses específicos da poboación das distintas Parroquias do Concello de Boiro.

Os Consellos Parroquiais crearanse por acordo plenario da corporación, a proposta das Asociacións da Parroquia que se trate.

### **Artigo 51.**

Os Consellos Parroquiais están integrados por un representante de cada Asociación da Parroquia inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e un representante do Concello de Boiro.

### **Artigo 52**

A Xunta de Goberno dos Consellos Parroquiais estará composta por un representante do Concello de Boiro e entre 4 e 8 membros representando as

entidades de cada sector asociativo da Parroquia elixidos polo Pleno do Consello Parroquial que tamén elixirá ao Presidente da Xunta de Goberno.

### **Artigo 53**

O pleno do Consello Parroquial (tódalas asociacións) xuntarase alomenos unha vez cada seis meses.

Tanto os acordos do Pleno do Consello como os acordo da Xunta de Goberno serán tomados pola maioría dos membros destes órganos, en caso de empate decidirá o voto do representante do Concello de Boiro.

### **Artigo 54.**

Sen prexuízo do disposto en normas de rango superior serán sempre competencias dos Consellos Parroquiais:

a) Informar e colaborar durante o proceso dos actos administrativos e disposicións normativas seguintes:

\* Plan Xeral de Ordenación Municipal.

\* Actuacións de urbanismo que afecten ao ámbito territorial da Parroquia.

\* Plans de conxunto sobre saneamento, transporte, vivenda, educación e outros servicios públicos.

\* Xestionar o presuposto propio da Parroquia que o Concello de Boiro consigne ao efecto.

b) Achegarlle á Alcaldía ou aos órganos municipais competentes propostas de mellora en infraestructuras, obras e servicios para a Parroquia.

c) Aprobar as contas de gastos realizados por órganos do Consello Parroquial.

d) Informar e proporlle a subvención que corresponda ás entidades sociais existentes no ámbito territorial do Consello Parroquial.

e) Emitir informe non vinculante nos seguintes casos:

- Aprobación de plans parciais e especiais de ordenación urbanística que afecten as diferentes parroquias.

- Aprobación de plans e proxectos de equipamento que afecten as parroquias.

- Aprobación de estudos de detalle e proxectos de urbanización.
  - Aprobación de proxectos de obras municipais que se vaian realizar en cada parroquia.
  - Concesión de vivendas de promoción pública.
  - Peticións dos veciños relativas á prestación dos servizos municipais na parroquia e sobre cumprimento das ordenanzas por parte dos veciños.
- f) Informar os veciños e entidades da actividade municipal en xeral, e da do Consello Parroquial en particular.
- g) Elaborar estudos sobre as necesidades da parroquia.
- h) Participar na xestión dos Centros Sociais, Casa da Cultura, Bibliotecas, Centros da Terceira Idade, instalacións deportivas, e outros centros ou instalacións municipais que haxa ou poda haber na parroquia.
- i) Noutra calquera que o Pleno da corporación coide oportuno.

### **Artigo 55**

A Asemblea Parroquial xuntarase alomenos unha vez cada ano. A Asemblea terá carácter informativo e consultivo non vinculante, estará presidida polo presidente do Consello Parroquial .

### **Artigo 56**

Os Consellos Parroquiais rexeranse conforme ao presente regulamento, outras normas que aprobe o Pleno da Corporación e demais lexislación aplicable.

## **Sección III.- O Consello Municipal das Parroquias**

### **Artigo 57**

O Consello Municipal das Parroquias é un órgano consultivo e de asesoramento que está presidido polo Alcalde ou persoa en quen delegue, e está integrado por dous representantes de cada Consello Parroquial e un concelleiro de cada grupo político con representación na Corporación do Concello de Boiro.

### **Artigo 58**

Son funcións do Consello Municipal das Parroquias:



- a) Formular propostas e asesoramento en materia de infraestructuras municipais que afiten a todo o Concello de Boiro ou a máis dunha Parroquia.
- b) Consulta e debate do relativo ao Plan Xeral de Ordenación Municipal e en materia de urbanismo.
- c) Outros asuntos de política municipal que o Alcalde someta á súa consideración

### **Artigo 59**

O Consello Municipal das Parroquias reunirse a petición do seu Presidente ou de catro das Parroquias.

## **TÍTULO VI. DA COMISIÓN DE TRANSPARENCIA.**

### **Artigo 60.**

Con motivo de dar transparencia á vida do Concello, existirá unha Comisión de transparencia constituída por cinco persoas que leven residindo en Boiro un mínimo de cinco anos, maiores de idade, coñecemento mínimo de bacharelato ou superior, elixidos por sorteo entre homes e mulleres que figuren no Padrón Municipal de Habitantes. A composición da Comisión de transparencia será renovada cada catro anos.

## **TÍTULO VII. DA DESCONCENTRACIÓN ADMINISTRATIVA**

### **Artigo 61.**

Co fin de achegarlle a xestión e administración municipal ao cidadán, o Concello desconcentrará de vagariño o maior número de servizos administrativos nas parroquias.

Buscarase a colaboración das entidades cidadás onde se instalen as unidades administrativas descentralizadas coa finalidade de ofrecerlle o mellor servizo ao veciño.

### **Disposicións transitorias**

#### **PRIMEIRA**

O Concello valorará o desenvolvemento das experiencias participativas contempladas neste regulamento ao pasar un ano da data en que entre en vigor.

#### **SEGUNDA**

No prazo de seis meses a partir da aprobación definitiva do presente regulamento, constituiranse polo menos os consellos municipais de área ou sector. Os Consellos Parroquiais constituiranse no prazo dun ano

### TERCEIRA

Naqueles sectores do asociacionismo do Concello ou naquelas Parroquias, onde non existan entidades suficientes para completar o mínimo de 4 membros da Xunta de Goberno do Consello Sectorial ou Parroquial que se trate será a Concellería de Participación Cidadá quen nomee aos restantes de entre as Asociacións existentes.

### CUARTA

No prazo de dous meses a partir da aprobación definitiva do presente regulamento, revisarase o Rexistro Municipal de Asociacións conforme o establecido nel, e divulgarase a necesidade de inscribirse nel de todas as entidades.

### QUINTA

A modificación ou derogación deste regulamento requirirá a maioría simple dos membros da corporación

### **Disposición derradeira**

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **Disposición derogatoria**

Quedan derogadas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ou estean en contradicción co contido deste regulamento.

Boiro, 19 de xullo de 2005.

O alcalde-presidente.

Asdo. Xosé Deira Triñanes.

DILIXENCIA QUE PRACTICO EU, SECRETARIO DO CONCELLO DE BOIRO, PARA DAR FE DE QUE O PRESENTE REGULAMENTO FOI APROBADO DEFNITIVAMENTE POLO PLENO DA CORPORACIÓN NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 14 DE XULLOD E 2005

O secretario, 19 de xullo de 2005.

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle.

Reg. 9485-x

